



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, E O CONSELLO REGULADOR DO MEXILLÓN DE GALICIA, PARA A TRAMITACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR OS GASTOS CORRENTES DE DITA ENTIDADE NO ANO 2024.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Antonio Basanta Fernández, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado co Consello Regulador do mexillón de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o exercicio 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador do mexillón de Galicia para a tramitación da subvención nominativa destinada a financiar os gastos correntes de dita entidade no ano 2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da



Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo no seu artigo 2.3, a citada lei destaca: Impulsar o desenvolvemento e a ordenación responsable da acuicultura mariña.

Que a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura, sendo o recoñecemento da denominación da orixe do Mexillón de Galicia, un deses obxectivos acadados.

O Consello Regulador do Mexillón de Galicia constitúese como corporación de dereito público á que se lle atribúe a xestión e control da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, coas funcións que determina a Orde do 20 de marzo de 2019 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e o seu Consello Regulador, e demais normativa aplicable. Esta denominación está inscrita no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas e de Indicacións Xeográficas Protexidas (Regulamento (CE) 1050/2007 da Comisión do 12 de setembro de 2007).

O Consello Regulador do Mexillón de Galicia ten personalidade xurídica propia, autonomía económica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. O seu funcionamento estará suxeito ao dereito privado con carácter xeral, con excepción das actuacións que supoñan o exercicio de potestades públicas, nas cales se someterán ás normas do dereito administrativo.

Por este motivo, considérase de grande interese que o Consello Regulador do Mexillón de Galicia dispoña dos medios humanos e materiais axeitados para o desenvolvemento das súas funcións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Antonio Basanta Fernández

